

INFOGRAFÍA 6: LA NUEVA COMISIÓN EUROPEA EN PAUSA

Obxectivo da infografía: Analizar a actualidade en relación á Comisión Europea (CE). Comprender a que dificultades internas se enfrenta (designación de comisarios e fragmentación parlamentaria) que lle impiden ter xa comezada a súa rutina de traballo e cales son os retos externos que debe afrontar e polo momento continúan en mans da Comisión de Juncker, en funcións.

1. Antecedentes: Eleccións ao Parlamento Europeo e constitución da nova CE

O pasado 26 de maio celebráronse nos 28 países membros da Unión Europea (UE) eleccións ao Parlamento Europeo. Estas eleccións supoñen un cambio dos membros que conforman a Eurocámara. De igual xeito, os outros órganos que comprenden a UE tamén comezan unha nova etapa, ao fronte dunha novo presidente ou presidenta. Entre os órganos máis destacados nos que se comeza un novo mandato atópase a Comisión Europea. Esta é a institución na que teñen máis interese os distintos países en controlala, cun presidente procedente do seu país ou da súa mesma familia política. O Consello Europeo, formado polos líderes dos 28 países da UE e encargado de designar as persoas ao fronte dos órganos comunitarios, acordou que a conservadora alemana Ursula von der Leyen fose a nova presidenta da Comisión.

A súa elección non estivo exenta de polémica, especialmente en dous espazos clave para que saíse adiante: O Parlamento e o propio Consello Europeo.

O Consello tivo serios problemas para chegar a un acordo e escoller unha figura a gusto de todos os países membros. Von der Leyen non era unha das candidatas que se atopaban sobre a mesa nun comezo. Os socialistas chegaron a ter a oportunidade de presidir a Comisión co seu candidato Frans Timmermans pero este foi rexeitado, principalmente polos países do Leste. Estes, co obxectivo de evitar que un socialista liderase a CE aceptaron a proposta que fixo Alemania de poñer ao fronte da Comisión a Von der Leyen. Non era esta a súa candidata favorita, pero o mal resultaba menor. Tivo tamén o apoio do presidente francés, Emmanuel Macron, do partido liberal, quen tiña un acordo cos socialistas pero finalmente, apoiou á candidata conservadora co fin de mover as súas propias cartas e poñer á unha francesa ao fronte do BCE.

Abriuse así un escenario de recelos mutuos. Os países do Leste deron o seu apoio pero non dun xeito permanente, atentas a cal será a conducta de Von der Leyen. Así mesmo, a división entre os socialistas é moi marcada posto que viron as súas aspiracións fracasadas. Porén, a nova presidenta da Comisión tan só conta co apoio garantizado da canciller do seu país, Angela Merkel, quen se atopa en tempo de desconto e cando deixe o cargo podería non contar con máis apoios. No parlamento a súa designación debía ser aprobada por unha maioría de europarlamentarios. Debido á fragmentación da cámara (ver punto 2) e o malestar dos grupos, esta maioría foi inestable ata a votación final. Von der Leyen saíu escollida por 383 votos a favor fronte a 327 votos en contra, do total de 733 votos emitidos, acadando así a maioría so cunha marxe de 9 votos máis dos que conforman a maioría absoluta.

Xa dende o seu nomeamento Ursula von der Leyen provocou unha crise interna na UE e non deixou de ser cuestionada. Os problemas que ten agora para conformar a súa Comisión están sendo tema de debate na UE (ver punto 3) e aínda se descoñece por cal camiño irán as súas políticas. A que máis chamou a atención ata o momento foi a creación da Comisión de Modelo de vida europeo, en materia de inmigración e que suscitou unha enorme polémica polo nome recibido.

2. Fragmentación parlamentaria: Necesidade de acordos

Os resultados das eleccións deixaron un hemicycle moi fragmentado. Por primeira vez dende ás primeiras eleccións europeas en 1979, os socialdemócratas e os conservadores perderon a maioría e tiveron a necesidade de pactar co grupo dos liberais europeos para alcanzar a maioría necesaria. A distribución de escaños entre os tres grupos é a seguinte:

- Partido Popular Europeo (PPE): 182
- Partido Socialdemócrata Europeo (PSD): 154
- Partido de la Alianza de los Liberales y Demócratas (ALDE): 108
- Suma de PPE, PSD, ALDE: 444
- Grupos da oposición: 307
- Maioría parlamentaria: 376
- Número total de europarlamentarios: 751

3. Conflicto comisarios da nova CE

O seguinte episodio complicado foi a designación de comisarios. Cada país debe presentar un candidato a membro da Comisión e este é investigado pola Comisión de Asuntos Jurídicos e posteriormente debe ser aprobado polo Parlamento. Unha vez completados os procesos individuais, a cámara debe darlle o visto bo a todo o equipo da CE. Estaba previsto que este último paso fose realizado na derradeira semana de outubro pero algúns problemas cos comisarios fixo que este proceso se retrasase. Houbo cinco candidatos que foron vetados pola Comisión de Asuntos Xurídicos (ou polo Parlamento), cada un por diferentes motivos e cun diferente fin.

- 1. Suecia:** A comisaria proposta polo país escandinavo, Ylva Johansson, para a carteira de Interior foi rexeitada nunha primeira comparecencia polos eurodiputados, quenes expresaron que tivo unha intervención pouco precisa en relación a asuntos como a inmigración, tema candente da comisión que vai presidir. Finalmente obtivo o visto bo nas respostas enviadas por escrito.
- 2. Polonia:** O comisario proposto para ocupar a carteira de Agricultura, Janusz Wojciechowski, foi rechazado ata en dúas ocasións polos europarlamentarios membros da Comisión para a que estaba destinado por motivos de descoñecemento da materia propia da carteira. Tras unha primeira audiencia frouxa e posteriormente responder por escrito ás preguntas lanzadas polo Parlamento, o polaco foi aprobado para ocupar la carteira de Agricultura ao demostrar durante unha segunda comparecencia un maior coñecemento nas cuestións do ámbito que pretende manexar e unhas respostas menos vagas.

3. **Francia:** O presidente do país galo propuxo como comisaria unha muller da súa confianza, Sylvie Goulard, que ocupou no seu país a carteira de Defensa. Macron aspiraba a que Goulard tivese gran influencia dentro da CE pero a Comisión de Asuntos Xurídicos non aprobou a súa candidatura pola investigación que ten abertas no seu país (o caso dos salarios que algúns dos seus asistentes do Parlamento Europeo recibiron cando xa non tiñan esas funcións, o mesmo motivo que lle fixo ter que abandonar o Executivo galo) e o seu pasado no sector privado. A exministra tivo que enfrontarse a unha exhaustiva proba por escrito e dúas audiencias nas que a negativa á súa elección foi maioritaria. Macron sufriu así un duro revés xa que supón rexeitar o comisario dunha das principais potencias europeas pero, xa propuxo un novo candidato.
4. **Hungría:** No caso do comisario húngaro para a carteira de Vecindade e Ampliación, László Trócsányi, foi rexeitado por conflito de intereses coa Comisión de Asuntos Xurídicos. A súa declaración de intereses económicos causou problemas e non foi finalmente aceptado, obrigando ao Goberno húngaro a propor a un novo candidato coa máxima brevidade.
5. **Rumanía:** A candidata proposta dende Bucarest, Rovana Plumb, sufriu o mesmo revés que o húngaro, sendo rexeitada por conflito de intereses pola Comisión de Asuntos Xurídicos. O presidente do Europarlamento aclarou que a política é “incapaz de exercer as súas funcións, debido aos conflitos de intereses detectados durante o exame das súas declaracións de intereses económicos”. A crise política interna do país, coa substitución recente da primeira ministras e as eleccións presidenciais, non deixan un fácil ambiente do país que dificulta a elección dun substituto para a candidata rexeitada.
6. **España:** Outro comisario cuxa designación trouxo polémica é o español Josep Borrell. O expresidente del Europarlamento e actual ministro de Exteriores en España foi seleccionado polo Consello para exercer o cargo de Alto Representante da Diplomacia, que lle dá tamén unha das vicepresidencias da Comisión. Borrell foi aprobado con maioría pero son moitos os grupos que lle prestan especial atención ao seu cargo e vixiarán con lupa a súa actividade, especialmente en relación ao conflito catalán ou as relación con Kosovo, país que España, de onde provén Borrell, non recoñece.
7. **Reino Unido:** Nun comezo estaba previsto que Reino Unido non designaría un comisario xa que saíría do bloque comunitario o pasado mes de outubro. Non obstante, co aplazamento da data para o Brexit, o país está agora obrigado a propor a un comisario.


4. Comisión de Juncker en funcións. Problemáticas con urxencia de solución

Se falamos de Brexit falamos dun problema de especial relevancia na Unión Europea, non só na UE saínte, a de Jean-Claude Juncker senón tamén para a que chega, a de von der

Leyen. O Brexit é un quebradeiro de cabeza e o continuará a ser uns meses máis, aínda que soamente ata o 31 de enero se todo marcha como é debido. En xeral, son moitos os problemas que son de especial relevancia para a nova CE e que necesitan dunha solución urxente para a que non se pode agardar máis. O retraso da conformación da nova Comisión e a fragmentación parlamentaria, con ata tres grupos parlamentarios que terán que poñerse dacordo, dificultará os pactos europeos en inmigración, ecoloxismo, conflitos internacionais, política económica en recesión ou igualdade.

Agárdase que na última semana de novembro o Parlamento dé o visto bo ao equipo da Von der Leyen e a CE poida comezar a traballar a partir do 1 de decembro. Mentres, ante o retraso do proceso, a Comisión saínte, encabezada polo luxemburgués Jean-Claude Juncker continúa a traballar, en funcións e con algunhas baixas. Os comisarios de Estonia e Rumanía abandoaron xa o seu posto, o que dificultou unha transición non abrupta.

BOCETO



BIBLIOGRAFÍA

- 1) Von der Leyen paga el peaje a sus apoyos en la Comisión Europea. 28 de xullo de 2019. Recuperado de https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/internacional/2019/07/28/von-der-leyen-paga-peaje-apoyos-comision/0003_201907G28P21991.htm
- 2) La Eurocámara pide aclaraciones a los candidatos a comisarios polaco y sueca tras no convencer en sus audiencias. 1 de outubro de 2019. Recuperado de <https://www.europapress.es/internacional/noticia-eurocamara-pide-aclaraciones-candidatos-comisarios-polaco-sueca-no-convencer-audiencias-20191001200534.htm>
- 3) El candidato polaco a comisario obtiene finalmente el visto bueno de la Eurocámara para asumir Agricultura. 8 de outubro de 2019. Recuperado de <https://www.europapress.es/internacional/noticia-candidato-polaco-comisario-obtiene-finalmente-visto-bueno-eurocamara-asumir-agricultura-20191008150631.html>
- 4) La Eurocámara aplaza la investidura de la nueva Comisión tras ser rechazados tres comisarios. 17 de outubro de 2019. Recuperado de https://elpais.com/internacional/2019/10/16/actualidad/1571252347_198326.html
- 5) El Parlamento Europeo escoge a Ursula von der Leyen presidenta de la Comisión. 16 de xullo de 2019. Recuperado de <https://www.europarl.europa.eu/spain/barcelona/es/prensa/el-parlamento-europeo-elige-a-ursula-von-der-leyen-presidenta-de-la-comision>
- 6) El Brexit enreda la toma de posesión de la nueva Comisión Europea. 14 de novembro de 2019. Recuperado de <https://www.elperiodico.com/es/internacional/20191114/el-brexit-enreda-la-toma-de-posesion-de-la-nueva-comision-europea-7736511>
- 7) A Von der Leyen se le acumulan los problemas para cerrar su Comisión. 6 de novembro de 2019. Recuperado de https://www.lavozdeasturias.es/noticia/actualidad/2019/11/06/von-der-leyen-acumula-problemas-cerrar-comision/0003_201911G6P24991.htm
- 8) La Comisión Europea expedienta al Reino Unido por no designar un comisario comunitario. 14 de novembro de 2019. Recuperado de <http://www.rtve.es/noticias/20191114/comision-europea-expedienta-reino-unido-no-designar-comisario-comunitario/1990824.shtml>
- 9) El retraso en la toma de posesión expone la fragilidad de la nueva Comisión. 31 de outubro de 2019. Recuperado de https://elpais.com/internacional/2019/10/31/actualidad/1572540587_363067.html

